

SUXESTIÓNS 05.II.23

- **Dialogamos** como poder dar sabor á vida en familia, no cole, nos xogos, na parroquia.

- **Tamén vemos como iluminar** os problemas dos nosos amigos, como buscar luz nos evanxeos ás dificultades que imos atopando.



- **Para ser sal e luz** procura ser limpo e ordenado, estudioso, obediente, xeneroso, querer a todos, dicir a verdade, perdoar, axudar a todos... Verán en ti a Xesús.

- Poderíamos facer unha actividade: Lemos o evanxeo de hoxe Mt. 5,13-16 e pedimos aos nenos que acheguen o que entenderon do evanxeo. Logo nunha cartolina escribimos: **“máis vale misto aceso que cento apagados”**. E ao final da celebración damos un misto a cada asiste acendéndoo despois de explicar que Deus nos dá cada día a posibilidade de brillar e ser luz, como ese misto, pero que a nós correspóndenos acendernos e alumar aos demais.

- Poderíase desenvolver a idea de que imos dar **sabor á parroquia**. Facemos cos nenos bolsas (de papel ou de plástico) cun pouquiño de sal dentro poñendo por fóra: “De parte de Xesús” e dentro o neno escribe un papeliño que poña unha calidade que ten: simpatía, servizo, alegría, amabilidade, compartir.... Os nenos reparten as bolsas ao final da eucaristía. Antes de repartilas explícaselle o xesto: uns nenos fixeron estas bolsas e en cada unha delas explican como eles son e dan sabor ao mundo. Convidámosvos a vós, os maiores, a que tamén

pensedes como ides poñer sabor no barrio, na familia. Que o sal nos invada a todos hoxe.

- Preparamos algún canto e podemos representalo: “Sodes o sal” de Luís Guitarra ou “Sal e luz” (ver en vídeos).

- Lembremos o **rito da luz no bautismo**: “Recibe a luz de Cristo”, di o sacerdote ao neno bautizado. Desde que entramos a formar parte da Igrexa, recibimos o don da luz de Deus. Cada cristián recibe a misión de iluminar, de converterse en labarada de lume do Espírito Santo para lanzar luz aos corazóns que viven nas tebras do egoísmo. Iluminemos coa luz de Deus á nosa familia, a toda a sociedade.

VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO Ord-5ºA: Mateo 5, 13-16: Luz e sal do mundo

-Mateo 5, 13-16, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=toVJcvVyAk4>

-Vós sodes o sal da terra, evanxeo: <http://youtu.be/ikorevrqtd4>

-O sal da terra, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=vqggjnlPks>

-Sal da terra e luz do mundo, debuxos:

https://www.youtube.com/watch?v=D6aE-J4E_Q4

-Historia da miña avoa- VD 2011: <http://youtu.be/t-PgvPBji-8>

-Non te escondas, sal!, Verbo Divino 2014, reflexión:

<http://youtu.be/ayjcnybob9g>

-Tes a chave, VD 2017, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=sxeQFlgHhOw>

-Mans, VD 2020, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=2NmKp7NZx8M>

-Ser luz, Verbo Divino-2023, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=5mlyrmZsrCs>

-Somos a luz do mundo, de J.M.Cotelo (Catequízis 44):

<https://youtube.com/watch?v=V86GrG4sbBw>

-A luz do mundo para nenos:

<https://youtube.com/watch?v=gSLrinw8j6E>

-Vostedes son o sal da terra, canción de Javier Brú:

<https://www.youtube.com/watch?v=SF6cl9etqGo>

-Sodes o sal, canción de Luís Guitarra:

<https://www.youtube.com/watch?v=qOHhYr0LxbE>

-Sal e luz, Brotes de Olivo, canción:

https://www.youtube.com/watch?v=Kid_xSfnqMo

-A luz e o sal, canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=oDy3FTW1NFY> -Eu son a

luz, canción: <https://youtube.com/watch?v=3bxZEpHQMqW>

-O Evanxeo e a canción en Rap: <http://youtu.be/xzzobpn0Yvc>

-Lecturas en linguaxe de signos:

<https://www.youtube.com/watch?v=ckE5DNhJLEk> -Sodes o sal

da terra, en portugués, moi duro: <http://youtu.be/idkicn5uYd0>